

HISTORIA DEL MUNDO CONTEMPORÁNEO

CRITERIOS DE EVALUACIÓN - 2021

Composición histórica (6 puntos)

La calificación tendrá en cuenta la calidad de la redacción (texto argumentado y coherente, que utilice un vocabulario adecuado). También atenderá al buen uso de los documentos (contextualización de los mismos, utilización de algunos datos que aparecen en ellos).

Dado que el objetivo de la composición consiste en explicar las principales características de la ideología nazi, la respuesta **deberá hacer referencia de manera específica a las siguientes cuestiones:**

-El papel de Hitler en la configuración de la ideología nacionalsocialista y las circunstancias en las que se gestó

-El programa de actuación del nazismo (programa al que se alude en el documento 1) y su estrategia: recurso a la violencia e intento de golpe de estado de 1923

-La sistematización de la ideología nazi (algunas de cuyas ideas figuran en el documento 2) y sus rasgos diferenciadores: la teoría del espacio vital y el racismo (creencia en la superioridad de la raza aria y odio a los judíos)

Se valorará especialmente la mención a cuestiones como:

-los orígenes y las características comunes de los fascismos europeos

-la puesta en práctica de los principios nazis, tras el nombramiento de Hitler como canciller en 1933.

Preguntas (4 puntos, 2 por cada una de las escogidas)

1. La Revolución Francesa: importancia histórica y causas

La respuesta debería tener en cuenta la identificación de la Revolución francesa como una revolución liberal y burguesa y las razones que justifican esa definición. También debería incidir en los principios que impulsaron el movimiento revolucionario (soberanía nacional, respeto a los derechos del hombre). Partiendo de tales premisas, la explicación debería referirse a las causas de la Revolución (crisis agrarias, crisis hacendística, incremento de la tensión social, difusión de las ideas ilustradas).

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a las diferentes etapas de la Revolución y a su desenlace (imperio napoleónico), así como cualquier otra precisión relacionada con la materia.

2. Los imperios coloniales de Francia y Reino Unido: configuración e intereses estratégicos

La respuesta debería tener en cuenta los principales dominios de ambos países en los distintos continentes y su evolución, señalando los cambios registrados en los mismos a partir de la década de 1870. También debería referirse a los factores impulsores del imperialismo, fundamentalmente a los de carácter económico (creación de nuevos mercados, necesidad de materias primas, proteccionismo...) y a los políticos, profundizando en los intereses particulares de Gran Bretaña y Francia.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a otros factores impulsores del imperialismo y a la situación de otros imperios coloniales o cualquier otra precisión relacionada con la materia.

3. La crisis de 1929 y la depresión económica de los años treinta del siglo XX

La respuesta debería explicar las razones de la crisis y sus principales efectos. Para ello cabría referirse en primer lugar a las causas del crack de 1929 y las reacciones que iba a provocar en el mercado bancario. En segundo término, habría que hacer mención a las manifestaciones de la depresión posterior (proteccionismo económico, caída de la producción industrial, aumento del desempleo, empobrecimiento de la población, malestar social).

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a los antecedentes de la crisis, las nuevas teorías económicas surgidas como respuesta a la misma, el programa de reformas impulsado por el presidente Roosevelt en EEUU o cualquier otra precisión relacionada con la materia.

4. Orígenes y proceso de construcción de la Unión Europea

La respuesta debería referirse en primer lugar a los factores que impulsaron el proceso de Unión Europea y sus diferentes etapas. Tal y como se indica en el enunciado, habría que centrar la atención en la fase inicial de constitución (Europa de los 6), las progresivas incorporaciones que dieron lugar a la Europa de los 12 y la ampliación posterior, surgida del Tratado de Maastricht.

Sin que sea exigible en la respuesta para considerarla correcta, se valorarán posibles referencias a las instituciones europeas, los principios de funcionamiento de la Unión y cualquier otra precisión relacionada con la materia.

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN - 2021

Composición histórica (6 puntos)

A cualificación terá en conta a calidade da redacción (texto argumentado e coherente, que utilice un vocabulario axeitado). Tamén atenderá ao bo uso dos documentos (contextualización dos mesmos, utilización dalgún dos seus datos).

Dado que o obxectivo da composición consiste en explicar as principais características da ideoloxía nazi, a resposta **debería facer referencia de maneira específica ás seguintes cuestións:**

-O papel de Hitler na configuración da ideoloxía nacionalsocialista e as circunstancias nas que se xestou

-O programa de actuación do nazismo (programa ao que se alude no documento 1) e a súa estratexia: recurso á violencia e intento de golpe de estado de 1923

-A sistematización da ideoloxía nazi (algunhas de cuías ideas figuran no documento 2) e os seus rasgos diferenciadores: a teoría do espazo vital e o racismo (creencia na superioridade da raza aria e odio aos xudeus)

Valorarase especialmente a mención a cuestións como:

-os orixes e as características comúns dos fascismos europeos

-a puesta en práctica dos principios nazis, tras o nomeamento de Hitler como chanceler en 1933.

Preguntas (4 puntos, 2 por cada una de las escogidas)

5. **A Revolución Francesa: importancia histórica e causas**

A resposta debería ter en conta a identificación da Revolución francesa como unha revolución liberal e burguesa e as razóns que xustifican esa definición. Tamén debería incidir nos principios que impulsaron o movemento revolucionario (soberanía nacional, respecto aos dereitos do home). Partindo de tales premisas, a explicación debería referirse ás causas da Revolución (crises agrarias, crise hacendística, incremento da tensión social, difusión das ideas ilustradas).

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias ás diferentes etapas da Revolución e ao seu desenlace (imperio napoleónico), así como calquera outra precisión relacionada coa materia.

2. Os imperios coloniais de Francia e Reino Unido: configuración e intereses estratéxicos

A resposta debería ter en conta os principais dominios de ambos os países nos distintos continentes e a súa evolución, sinalando os cambios rexistrados nos mesmos a partir da década de 1870. Tamén debería referirse aos factores impulsores do imperialismo, fundamentalmente aos de carácter económico (creación de novos mercados, necesidade de materias primas, proteccionismo...) e aos políticos, profundando nos intereses particulares de Gran Bretaña e Francia.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias a outros factores impulsores do imperialismo e á situación doutros imperios coloniais ou calquera outra precisión relacionada coa materia.

3. A crise de 1929 e a depresión económica dos anos trinta do século XX

A resposta debería explicar as razóns da crise e os seus principais efectos. Para iso cabería referirse en primeiro lugar ás causas do crack de 1929 e as reaccións que ía provocar no mercado bancario. En segundo termo, habería que facer mención ás manifestacións da depresión posterior (proteccionismo económico, caída da produción industrial, aumento do desemprego, empobrecemento da poboación, malestar social).

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias aos antecedentes da crise, as novas teorías económicas xurdidas como resposta á mesma, o programa de reformas impulsado polo presidente Roosevelt en EEUU ou calquera outra precisión relacionada coa materia.

4. Orixes e proceso de construción da Unión Europea

A resposta debería referirse en primeiro lugar aos factores que impulsaron o proceso de Unión Europea e as súas diferentes etapas. Tal e como se indica no enunciado, habería que centrar a atención na fase inicial de constitución (Europa dos 6), as progresivas incorporacións que deron lugar á Europa dos 12 e a ampliación posterior, xurdida do Tratado de Maastricht.

Sen que sexa esixible na resposta para considerala correcta, valoraranse posibles referencias ás institucións europeas, os principios de funcionamento da Unión e calquera outra precisión relacionada coa materia.